

A Valedora do Pobo admite a queixa de Iago Fariñas contra a actitude do alcalde e require información ao concello do Irixo

14, Setembro 2017 Cope Carballiño [f](#) [t](#) [w](#) [i](#)



A Valedora do Pobo admitiu a trámite a queixa presentada pola actitude do alcalde do Irixo Manuel Penedo que, ao non facilitar o acceso á información municipal, está obstaculizando a labor fiscalizadora da oposición municipal, actitude do rexedor que podería ser constitutiva dun delito de prevaricación.

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, denunciou a modo de QUEIXA ANTE A VALEDORA DO POBO que dende o mes de febreiro o alcalde do Irixo nin resposta nin lle da acceso a expedientes solicitados.

A queixa presentada fundamentase na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS:

PRIMEIRO.- Que no artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñécese o dereito dos membros das Entidades Locais a obter do Alcalde cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

SEGUNDO.- Que na condición de concelleiro do concello do Irixo;

1º.- O pasado 16 de febreiro de 2017, se presentou "ACCESO A INFORMACIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO EN RELACIÓN O EXPEDIENTE DO PLAN PROVINCIAL 2017 DA REDE VIARIA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE." na que se solicitou "Copia/ou acceso de ser o caso o expediente completo do EXPEDIENTE SOBRE O PLAN PROVINCIAL 2017 DA REDE VIARIA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE."

2º.- O pasado 3 de marzo de 2017, se presentou solicitude de "Copia/ou acceso de ser o caso o expediente completo SOBRE UN PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE O IRIXO."

3º.- O pasado 10 de marzo de 2017, se presentou "ACCESO o Modelo 347 da Declaración Anual correspondente ó exercicio 2016, coa relación de operacións con terceiras persoas. "na que se solicitou "... copia e no seu defecto acceso o Modelo 347 da Declaración Anual correspondente ó exercicio 2016, coa

RADIO EN DIRECTO

COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO

[ABRIR NUNHA NOVA FINESTRA](#)

[ENLACE DIRECTO](#)

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Setembro 15, 2017
10:00-12:00



Mañá, Setembro 16, 2017
12:00-18:00



Setembro 17, 2017
12:00-18:00



O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de [yr.no](#)

CURTAS

ROMARÍA DA SALETA EN ASTURESES, O MARTES 19 DE SETEMBRO: MISAS DENDE AS 8,30 E SOLEMNE CON PROCESIÓN ÁS 13 HORAS. XANTAR CAMPESTRE, E ANIMACIÓN MUSICAL, FESTA E VERBENA CON "OS BIRUXES", "SABROSITO" E A ORQUESTRA "LEDICIA ESPECTÁCULO".

FESTA DE STA. MARÍA DO CAMPO NO IRIXO: DO 14 AO 16 DE AGOSTO. AMNIZADAS POLAS ORQUESTRAS KUBO, ISRAEL, CANELA, ESTELAR E GRAN CASINO.

DO 5 AO 7 DE AGOSTO SON AS FESTAS PATRONAIS DE AVIÓN: CONCERTOS DAS BANDAS DE MÚSICA DE ALIRA E VALLADARES, VERBENAS E GRAN SESIÓN DE FOGOS ARTIFICIAIS, O DOMINGO 6 Á UNHA DA MADRUGADA.

DO 29 AO 31 DE XULLO SON AS FESTAS DO SAGRADO CORAZÓN E O NENO XESÚS EN FEÁS: AMENIZADAS COAS BANDAS DE MÚSICA DE VLANOVA DOS INFANTES E CELANOVA E AS ORQUESTAS OLIMPUS E

relación de operacións con terceiras persoas nesa anualidade por parte de este concello.”

TERCEIRO.- Que en datas de 3 e 31 de marzo de 2017 mediante sendos escritos púxose en coñecemento do Sr. Alcalde que o acceso a dita información foi concedido mediante silencio administrativo pola falla de resposta do Sr. Alcalde as peticións de acceso a dita información feita por este concelleiro por escrito os pasados 16 de febreiro, 3 de marzo e 10 de marzo de 2017 respectivamente, isto supón a concesión da autorización solicitada por silencio, unha vez transcorridos os cinco días establecidos (arts. 77.2 LRBRL y 14.2 ROF).

CUARTO.- Que en ditos escritos se lle recordaba que o ter concedido o acceso por silencio administrativo, o Sr. Alcalde deste concello debe sen máis demora dar acceso o mesmo, de non proceder a conceder o acceso o mesmo se mais demora, se lle advirte que esta vostede cometendo un presunto delito de “PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA” penado entre outras penas con inhabilitación para desempeñar cargo público e do que se dará conta a autoridade competente se non da acceso os expediente nos próximos días.

QUINTO.- Que a pesar de todo elo, e pasados xa mais de 6 meses dende as solicitudes, o Sr. Alcalde segue sen dar resposta as peticións formuladas a sabendas, o que é escandaloso ademais de estar cometendo como xa reiteramos, un presunto delito de prevaricación administrativa, feito este que xa se ten producido en ocasión anteriores.

SEXTO.- Que debo apuntar que o concello de O Irixo é un concello de pouco mais de 1.500 habitantes que dispón entre o seu funcionamento de dous administrativos, que nos últimos anos estiveron sempre no seu posto de traballo, non existiron baixas laborais nin períodos vacacionais dende as solicitudes de información referidas, que puideran afectar o correcto funcionamento da actividade administrativa deste concello e que puideran ocasionar a falla de resposta nas súas peticións a este concelleiro, ademais de que hai tres membros do goberno municipal con tres dedicacións parciais remuneradas en mais de 73 mil euros, o que fai inxustificable que non se atendan as peticións deste concelleiro.

SEPTIMO.- Que o único motivo é impedir o acceso de este concelleiro a información para que non poida facer a súa labor fiscalizadora, e non poida ter coñecemento dos expedientes referidos e así non poida informar a veciñanza.

LA FORMULA XOGOS E ACTIVIDADES GRATUÍTAS PARA O PÚBLICO INFANTIL.

FESTAS DE AS NEVES DE GRIXOA OS DIAS 5 E 6 D AGOSTO: COA ANIMACIÓN MUSICAL DA CHARANGA CASTRO BELLO, DISCO MÓBIL, E AS ORQUESTRAS PANORAMA, NUEVA FUERZA E CLAXXÓN.

FESTAS DE SAN BENITO EN MOLDES-BOBORÁS, OS DIAS 11 E 12 DE XULLO: VERBENAS CO GRUPO LIDER E AS ORQUESTRAS COMPOSTELA E OLYMPUS. SESIÓN VERMÚT COS GAITEIROS OS BARRIOS. HABERÁ PULPO, COSTELA ASADA E VIÑO DE MOLDES.

FESTAS DA VIRXEN DO ROSARIO EN CAMEIXA (BOBORÁS) OS DIAS 1,2 E 3 DE XULLO. MACRO DISCOTECA, CEA POPULAR, CHARANGA OS CELTAS, GRUPO DISEÑO E AS ORQUESTRAS LA FÓRMULA E OLYMPUS.

FESTAS DE SAN PEDRO EN MANDRÁS - CEA OS DIAS 30 DE XUÑO, 1 E 2 DE XULLO: CELBRACIÓNS RELIXIOSAS, GASTRONOMIA, MÚSICA TRADICIONAL E VERBENAS CO DÚO LA CLAVE E AS ORQUESTRAS ARABIA, MAR DE AROSA E OLYMPUS.

ROMARÍA DE SANTA RITA DE ARMESES: O DOMINGO 28 DE MAIO, MISAS DENDE AS 8,30 DA MAÑÁ, XANTAR CAMPESTRE E ANIMACIÓN MUSICAL COA ORQUESTRA COMPOSTELA.

3º SERÁN DE MANDRÁS, O SÁBADO 20 DE MAIO DENDE AS 9 DA NOITE: PANDEREITEIRAS, GAITEIROS, CANTO TRADICIONAL E ACTUACIÓN ESTELAR DO "RANCHO FOLCLÓRICO E ETNOGRÁFICO DE ENTRE AMBOS OS RÍOS" DE PORTUGAL.

Desenrolado por coroa.es

